

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001683	IES Martaguisela	O Barco de Valdeorras	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Técnicas de expresión gráfico - plástica	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28

1. Introducción

A materia Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica achégalle ao alumnado os recursos, as técnicas, os procedementos e as aplicacións instrumentais que fan posible a produción artística en xeral e as producións plásticas, gráficas e visuais en particular. A través desta materia, o alumnado adquirirá os coñecementos relativos ás técnicas clasificadas tradicionalmente como debuxo, pintura e gravado, sen esquecerse doutras técnicas relevantes que escapen a esta clasificación. O obxectivo é que o alumnado, por unha banda, adquira as habilidades necesarias para implementar correctamente os procedementos de traballo e, por outra, que adecúe as técnicas ás propostas artísticas con soltura, iniciativa e creatividade crecentes.

O coñecemento das técnicas gráfico-plásticas e a súa posta en práctica fan posible a comunicación visual e posibilitan a investigación e a procura de estratexias de creación propias. Esta actividade creativa individual debe complementarse co fomento da actividade colaborativa, a posta en común e o intercambio de ideas crítico e argumentado, co fin de preparar o alumnado para unha participación activa en equipos de traballo.

A materia está deseñada ao redor de cinco obxectivos, que emanan das competencias clave e dos obxectivos establecidos para a etapa de bacharelato. Estes obxectivos están definidos de maneira que varios deles poden acometerse de maneira integrada, polo que non existe unha fronteira estrita entre uns e outros e a orde no que se presentan non é vinculante nin representa ningunha xerarquía.

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o seu grao de consecución por parte do alumnado.

Os contidos da materia, que deberán tratarse para adquirir os devanditos obxectivos, artículanse ao redor de seis bloques. O primeiro, denominado "Aspectos xerais", abarca os coñecementos necesarios para recoñecer as distintas linguaxes artísticas, os elementos que os conforman e a súa evolución ao longo da historia, así como as calidades e o impacto dos diversos materiais e soportes. O segundo bloque, titulado "Técnicas de debuxo", reúne as técnicas e os conceptos que permiten a exploración e a creación con esta forma de expresión. O terceiro bloque, "Técnicas de pintura", comprende os procedementos e as operacións vinculados á cor e as súas diversas manifestacións plásticas. O cuarto bloque, "Técnicas de gravado e estampaxe", recolle as diversas metodoloxías que se deben experimentar para o dominio e a comprensión dos diferentes medios de estampaxe. O quinto bloque, "Técnicas mixtas e alternativas", incorpora as técnicas e os medios de expresión máis innovadores, como os dixitais. O sexto bloque, "Proxectos gráfico-plásticos", trata sobre a metodoloxía proxectual e a difusión dos proxectos gráfico-plásticos.

Entrando no contexto do noso centro, o feito de estar cursando un bacharelato de artes fai que o alumnado proveña de orixes xeográficas e escolares moi variadas: unha pequenísima minoría reside na contorna do instituto e ven de impartir a E.S.O. nel, mais a grande maioría procede doutros centros da localidade, da comarca, e mesmo de localidades afastadas. Este feito revirte nunha grande variedade de contextos culturais e familiares. Unha parte importante do alumnado depende dun transporte particular ou público para chegar ao centro e ten que dedicar un tempo considerable do día aos desprazamentos. Outra vese obrigada a cambiar a súa residencia, vivindo fóra do seu ámbito familiar por primeira vez, en pisos de aluguer, residencias ou con outros familiares.

Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica trátase unha materia optativa, polo que presupoñemos que o alumnado que a escolle contará cunha certa predisposición cara o traballo procedimental, máis aínda cando no 1º curso xa puideron experimentar con algunhas das técnicas. Pero non sempre é así, xa que as motivacións para cursala poden ser variadas, así que é importante atopar estratexias que lles axuden a manter o interese. En xeral, contamos con grupos moi grandes, de alumnado heteroxéneo, persoal e academicamente, o cal que redundará en detrimento da atención personalizada e dificulta a atención á diversidade na aula. A organización dos espazos, recursos e ferramentas de traballo para estes grupos grandes resulta complicada e condiciona en grande medida a metodoloxía e a organización dos contidos a impartir.

A través da nosa materia faremos posible a materialización das ideas, conceptos e sentimentos en obras artísticas e trataremos de estimular e ampliar o deleite estético de obras de arte, o cal suporá para o alumnado, ademais dunha reflexión sobre a creatividade e a práctica artística, unha oportunidade para coñecer e poñer en evidencia o potencial transformador da arte na nosa sociedade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras gráfico-plásticas valorando os seus aspectos formais, comparando as técnicas, materiais e procedementos empregados na súa execución e conservación e reflexionando sobre o seu posible impacto ambiental para conformar un marco persoal de referencia que potencie a creatividade e fomente unha actitude positiva cara ao patrimonio, á vez que comprometida coa sostibilidade.	3	1-3	2	1	20	1-2-4		1-2
OBX2 - Utilizar os distintos elementos e procedementos propios da linguaxe gráfica-plástica, manifestando dominio técnico e experimentando de maneira creativa e innovadora coas súas posibilidades e combinacións, para desenvolver unha capacidade de expresión autónoma e persoal e para responder a uns obxectivos determinados.				2	11-12	4	3	31-32-41-42
OBX3 - Planificar o proceso de realización individual e colectiva de obras gráfico-plásticas valorando as posibilidades que ofrecen as distintas técnicas, materiais e procedementos, así como a súa adecuación a unha determinada proposta, para responder con eficacia e creatividade a calquera desempeño relacionado coa produción cultural ou artística.			3		32-40		2	42
OBX4 - Desenvolver proxectos gráfico-plásticos individuais e colaborativos, utilizando con destreza diversos materiais, técnicas e procedementos, para integrar o proceso creativo e responder de maneira eficaz, sostible e creativa a uns obxectivos de desempeño determinados.			3	4	11-31-32		3	31-32-41
OBX5 - Avaliar os produtos gráfico-plásticos propios e alleos, valorando o seu posible impacto social e cultural, para potenciar unha actitude crítica e responsable que favoreza o desenvolvemento persoal e profesional no campo da expresión gráfico-plástica.		1			11-12-31	4	2	1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As técnicas tradicionais de debuxo e pintura.	Clasificación das técnicas segundo os seus compoñentes: técnicas secas e húmidas. Introducción ao fresco, témpera ao ovo, encaustos: breve descrición e uso ao longo da historia.	2	3	X		
2	Lapis de grafito, carbón, lapis compostos, sanguinas. Lapis de cores.	Descrición, compoñentes, tipos e presentacións. Soportes e ferramentas. Interacción entre materiais e técnicas. Seguridade, toxicidade, impacto ambiental e materiais sostibles. Procedementos de uso e aplicación. Conservación das obras.	10	11	X		
3	Elementos da linguaxe gráfico-plástica: forma, textura e composición.	Características, leis e principios básicos de aplicación.	11	12	X	X	X
4	O proxecto na creación de obras gráfico-plásticas.	A metodoloxía proxectual. Proceso de elaboración dunha obra gráfico-plástica. Exposición, difusión e avaliación dos proxectos.	4	4	X	X	X
5	Tintas.	Descrición, compoñentes, tipos e presentacións. Soportes e ferramentas. Interacción entre materiais e técnicas. Seguridade, toxicidade, impacto ambiental e materiais sostibles. Procedementos de uso e aplicación. Conservación das obras.	5	6	X		
6	Barras graxas e ceras. Pasteis magros e graxos.	Descrición, compoñentes, tipos e presentacións. Soportes e ferramentas. Interacción entre materiais e técnicas. Seguridade, toxicidade, impacto ambiental e materiais sostibles. Procedementos de uso e aplicación. Conservación das obras.	5	6	X		
7	Elementos da linguaxe gráfico-plástica: cor.	Características, principios básicos de aplicación. Psicoloxía e simboloxía da cor.	8	9	X	X	X
8	Acrílico, témpera e óleo.	Descrición, compoñentes, tipos e presentacións. Soportes e ferramentas. Interacción entre materiais e técnicas. Seguridade, toxicidade, impacto ambiental e materiais sostibles. Procedementos de uso e aplicación. Conservación das obras.	12	14		X	
9	Acuarela.	Descrición, compoñentes, tipos e presentacións. Soportes e ferramentas. Interacción entre materiais e técnicas. Seguridade, toxicidade, impacto ambiental e materiais sostibles. Procedementos de uso e aplicación. Conservación das obras.	10	11		X	
10	Rotuladores.	Descrición, compoñentes, tipos e presentacións. Soportes e ferramentas. Interacción entre materiais e técnicas. Seguridade, toxicidade, impacto ambiental e materiais sostibles. Procedementos de uso e aplicación. Conservación das obras.	5	6		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	O gravado e a estampación.	Monoimpresión e reprodución múltiple. A obra gráfica. Materiais, útiles, maquinaria e soportes. Terminoloxía específica. Monotipia plana, estampaxe en relevo, en oco e plana: descrición técnica e procedementos de aplicación.	15	18			X
12	Técnicas mixtas e alternativas. A imaxe dixital	Técnicas alternativas na arte contemporánea. Fundamentos da imaxe dixital.	13	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As técnicas tradicionais de debuxo e pintura.	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comparar os elementos, técnicas e procedementos empregados en distintas producións gráfico-plásticas identificando diferenzas e aspectos comúns e establecendo relacións entre eles.	Identifica similitudes e diferenzas entre os elementos, técnicas e procedementos en producións gráfico-plásticas.	PE	20
CA1.3 - Valorar criticamente a sostibilidade e o impacto ambiental dos procedementos e materiais utilizados na creación gráfico-plástica en distintos momentos históricos propoñendo alternativas respectuosas co medio ambiente.	Coñece a sostibilidade das técnicas tradicionais ao longo da historia e reflexiona sobre o impacto na elección dos materiais	TI	80

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Soportes, utensilios, pigmentos, aglutinantes, disolventes e outras substancias asociadas ás diferentes técnicas gráfico plásticas. Interacción entre materiais. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Soportes e materiais sostibles. - Conservación das obras gráfico-plásticas.

UD	Título da UD	Duración
2	Lapis de grafito, carbón, lapis compostos, sanguinas. Lapis de cores.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comparar os elementos, técnicas e procedementos empregados en distintas producións gráfico-plásticas identificando diferenzas e aspectos comúns e establecendo relacións entre eles.	Identifica os elementos, técnicas e procedementos empregados en producións gráfico-plástica e é capaz de establecer relacións entre eles.	PE	10
CA2.1 - Seleccionar creativamente os recursos de debuxo adecuados en función da situación expresiva ou da intencionalidade do desempeño solicitado.	Selecciona os recursos adecuados para a técnicas proposta.	TI	90
CA2.2 - Utilizar de maneira creativa e autónoma as técnicas, materiais e procedementos de debuxo na resolución de distintas necesidades expresivas e comunicativas, incidindo no rigor na execución e na sostibilidade do produto final.	Aplica a técnica con suficiente autonomía, expresividade e rigor.		
CA2.3 - Expresar ideas, opinións e sentimentos mediante a creación de producións gráfico-plásticas individuais e colaborativas de distintos tipos ao redor de distintos motivos ou formulacións, aplicando con solvencia e dominio técnico os distintos procedementos de debuxo.	Utiliza os procedementos técnicos con suficiente solvencia, en función da mensaxe proposta.		
CA2.4 - Realizar composicións gráfico-plásticas individuais ou colaborativas con técnicas de debuxo integrando o uso de materiais reciclados cando sexa posible e aplicando criterios de inclusión e sostibilidade.	Emprega, minimamente, criterios de sostibilidade e inclusión, cando é posible.		
CA6.2 - Planificar o proceso completo de realización de obras gráfico-plásticas variadas, individuais ou colectivas, establecendo as fases de realización e argumentando a selección das técnicas, materiais, procedementos e linguaxes máis adecuadas en función das distintas intencións comunicativas ou creativas.	Planifica o proceso de traballo dunha obra propia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Soportes, utensilios, pigmentos, aglutinantes, disolventes e outras substancias asociadas ás diferentes técnicas gráfico plásticas. Interacción entre materiais. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Soportes e materiais sostibles. - Conservación das obras gráfico-plásticas. - Materiais, útiles e soportes asociados ao debuxo. Características e terminoloxía específica. - Técnicas secas: lapis de grafito, carbón, lapis compostos, sanguinas, barras graxas, lapis de cor e rotuladores. - Proceso de elaboración dunha obra gráfico-plástica. - Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráfico-plásticos. O erro como oportunidade de mellora e aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
3	Elementos da linguaxe gráfico-plástica: forma, textura e composición.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras gráfico-plásticas de distintos tipos e épocas identificando os elementos da linguaxe, materiais, técnicas e procedementos utilizados, valorando os seus efectos expresivos e incorporando xuízos de valor estético a partir do estudo dos seus aspectos formais.	É capaz de describir os valores expresivos da forma, textura, cor, e composición, a partir dos seus aspectos formais.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A linguaxe gráfica-plástica: forma, cor, textura e composición. A súa evolución histórica.

UD	Título da UD	Duración
4	O proxecto na creación de obras gráfico-plásticas.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Contextualizar criticamente a perspectiva inclusiva, intercultural e de xénero nas producións gráfico-plásticas.	Considera a perspectiva inclusiva, intercultural e de xénero nas producións gráfico-plásticas.		
CA1.5 - Valorar a protección da propiedade intelectual das obras gráfico-plásticas a través de diferentes canles de difusión e do coñecemento da lexislación que lles afecta.	Coñece as bases da propiedade intelectual das obras.		
CA6.1 - Avaliar diferentes produtos gráfico-plásticos argumentando, coa terminoloxía específica, o grao de adecuación á intención prevista das linguaxes, técnicas, materiais e procedementos utilizados, valorando o rigor e a calidade da execución, así como aspectos relacionados coa sostibilidade e coa propiedade intelectual.	É capaz de describir o grao de adecuación á intención prevista das linguaxes, técnicas, materiais e procedementos utilizados empregados en obras propias e de valorar o seu rigor técnico	TI	100
CA6.3 - Planificar de maneira adecuada a organización das fases e dos equipos de traballo nas propostas colaborativas identificando as habilidades requiridas en cada caso e repartindo e asumindo as tarefas con criterio.	Coñece as fases do proxecto artístico e é capaz de deseñar unha proposta de traballo colaborativo.		
CA6.4 - Identificar e valorar as oportunidades de desenvolvemento persoal e profesional que se derivan do coñecemento das técnicas de expresión gráfico-plástica.	Coñece as oportunidades profesionais ligadas ás técnicas gráfico-plásticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A protección da creatividade. Aspectos fundamentais da propiedade intelectual. Versións, copias e falsificacións.
- Estratexias de investigación, análise, interpretación e valoración crítica de produtos culturais e artísticos.
- Metodoloxía proxectual.
- Estratexias para a planificación e o desenvolvemento de proxectos gráfico-plásticos. A organización dos equipos de traballo.
- Exposición e difusión de proxectos gráfico-plásticos.
- Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráfico-plásticos. O erro como oportunidade de mellora e aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
5	Tintas.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comparar os elementos, técnicas e procedementos empregados en distintas producións gráfico-plásticas identificando diferenzas e aspectos comúns e establecendo relacións entre eles.	Identifica os elementos, técnicas e procedementos empregados en producións gráfico-plástica e é capaz de establecer relacións entre eles.	PE	10
CA2.1 - Seleccionar creativamente os recursos de debuxo adecuados en función da situación expresiva ou da intencionalidade do desempeño solicitado.	Selecciona os recursos adecuados para a técnicas proposta.	TI	90
CA2.2 - Utilizar de maneira creativa e autónoma as técnicas, materiais e procedementos de debuxo na resolución de distintas necesidades expresivas e comunicativas, incidindo no rigor na execución e na sostibilidade do produto final.	Aplica a técnica con suficiente autonomía, expresividade e rigor.		
CA2.3 - Expresar ideas, opinións e sentimentos mediante a creación de producións gráfico-plásticas individuais e colaborativas de distintos tipos ao redor de distintos motivos ou formulacións, aplicando con solvencia e dominio técnico os distintos procedementos de debuxo.	Utiliza os procedementos técnicos con suficiente solvencia, en función da mensaxe proposta.		
CA2.4 - Realizar composicións gráfico-plásticas individuais ou colaborativas con técnicas de debuxo integrando o uso de materiais reciclados cando sexa posible e aplicando criterios de inclusión e sostibilidade.	Emprega, cando é posible, algún criterio de sostibilidade e inclusión.		
CA6.2 - Planificar o proceso completo de realización de obras gráfico-plásticas variadas, individuais ou colectivas, establecendo as fases de realización e argumentando a selección das técnicas, materiais, procedementos e linguaxes máis adecuadas en función das distintas intencións comunicativas ou creativas.	Planifica o proceso de traballo dunha obra propia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Soportes, utensilios, pigmentos, aglutinantes, disolventes e outras substancias asociadas ás diferentes técnicas gráfico plásticas. Interacción entre materiais. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Soportes e materiais sostibles. - Conservación das obras gráfico-plásticas. - Materiais, útiles e soportes asociados ao debuxo. Características e terminoloxía específica. - Técnicas húmidas e mixtas. A tinta e as súas ferramentas. - Proceso de elaboración dunha obra gráfico-plástica. - Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráfico-plásticos. O erro como oportunidade de mellora e aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
6	Barras graxas e ceras. Pasteis magros e graxos.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comparar os elementos, técnicas e procedementos empregados en distintas producións gráfico-plásticas identificando diferenzas e aspectos comúns e establecendo relacións entre eles.	Identifica os elementos, técnicas e procedementos empregados en producións gráfico-plástica e é capaz de establecer relacións entre eles.	PE	8
CA2.1 - Seleccionar creativamente os recursos de debuxo adecuados en función da situación expresiva ou da intencionalidade do desempeño solicitado.	Selecciona os recursos adecuados para a técnica proposta.	TI	92
CA2.2 - Utilizar de maneira creativa e autónoma as técnicas, materiais e procedementos de debuxo na resolución de distintas necesidades expresivas e comunicativas, incidindo no rigor na execución e na sostibilidade do produto final.	Aplica a técnica con suficiente autonomía, expresividade e rigor.		
CA2.3 - Expresar ideas, opinións e sentimentos mediante a creación de producións gráfico-plásticas individuais e colaborativas de distintos tipos ao redor de distintos motivos ou formulacións, aplicando con solvencia e dominio técnico os distintos procedementos de debuxo.	Utiliza os procedementos técnicos con suficiente solvencia, en función da mensaxe proposta.		
CA2.4 - Realizar composicións gráfico-plásticas individuais ou colaborativas con técnicas de debuxo integrando o uso de materiais reciclados cando sexa posible e aplicando criterios de inclusión e sostibilidade.	Emprega, cando é posible, algún criterio de sostibilidade e inclusión.		
CA3.1 - Seleccionar creativamente os recursos pictóricos adecuados en función da situación expresiva ou da intencionalidade do desempeño solicitado.	Selecciona os recursos adecuados para a técnica proposta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Utilizar de maneira creativa e autónoma as técnicas, materiais e procedementos de pintura na resolución de distintas necesidades expresivas e comunicativas, incidindo no rigor na execución e na sostibilidade do produto final.	Aplica a técnica con suficiente autonomía, expresividade e rigor.		
CA6.2 - Planificar o proceso completo de realización de obras gráfico-plásticas variadas, individuais ou colectivas, establecendo as fases de realización e argumentando a selección das técnicas, materiais, procedementos e linguaxes máis adecuadas en función das distintas intencións comunicativas ou creativas.	Planifica o proceso de traballo dunha obra propia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Soportes, utensilios, pigmentos, aglutinantes, disolventes e outras substancias asociadas ás diferentes técnicas gráfico plásticas. Interacción entre materiais. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Soportes e materiais sostibles. - Conservación das obras gráfico-plásticas. - Materiais, útiles e soportes asociados ao debuxo. Características e terminoloxía específica. - Técnicas secas: lapis de grafito, carbón, lapis compostos, sanguinas, barras graxas, lapis de cor e rotuladores. - Materiais, útiles e soportes. Características e terminoloxía específica. - Técnicas magras, graxas e emulsións miscibles en auga. Técnicas sólidas. Pinturas biodegradables. - Proceso de elaboración dunha obra gráfico-plástica. - Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráfico-plásticos. O erro como oportunidade de mellora e aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
7	Elementos da linguaxe gráfico-plástica: cor.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras gráfico-plásticas de distintos tipos e épocas identificando os elementos da linguaxe, materiais, técnicas e procedementos utilizados, valorando os seus efectos expresivos e incorporando xuízos de valor estético a partir do estudo dos seus aspectos formais.	Analiza a cor das obras gráfico-plásticas, valorando o seu efecto expresivo.	PE	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar de maneira creativa e autónoma as técnicas, materiais e procedementos de debuxo na resolución de distintas necesidades expresivas e comunicativas, incidindo no rigor na execución e na sostibilidade do produto final.	Emprega a cor nos debuxos con rigor e expresividade, en función da intencionalidade.	TI	80
CA3.1 - Seleccionar creativamente os recursos pictóricos adecuados en función da situación expresiva ou da intencionalidade do desempeño solicitado.	Selecciona as cores axeitadas para obras de creación propia, en función intencionalidade.		
CA3.2 - Utilizar de maneira creativa e autónoma as técnicas, materiais e procedementos de pintura na resolución de distintas necesidades expresivas e comunicativas, incidindo no rigor na execución e na sostibilidade do produto final.	Emprega as cores nas creacións pictóricas de xeito rigoroso.		
CA3.3 - Expresar ideas, opinións e sentimentos mediante a creación de producións gráfico-plásticas individuais e colaborativas de distintos tipos, ao redor de distintos motivos ou formulacións, aplicando con solvencia e dominio técnico os distintos procedementos de pintura.	Emprega a cor para comunicar mensaxes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe gráfica-plástico: forma, cor, textura e composición. A súa evolución histórica. - Técnicas secas: lapis de grafito, carbón, lapis compostos, sanguinas, barras graxas, lapis de cor e rotuladores. - Técnicas húmidas e mixtas. A tinta e as súas ferramentas. - Técnicas magras, graxas e emulsións miscibles en auga. Técnicas sólidas. Pinturas biodegradables. - Acuarela, témpera, acrílico, fresco, témpera ao ovo, encaustos, pasteis magros e graxos, óleos e óleos á auga.

UD	Título da UD	Duración
8	Acrílico, témpera e óleo.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comparar os elementos, técnicas e procedementos empregados en distintas producións gráfico-plásticas identificando diferenzas e aspectos comúns e establecendo relacións entre eles.	Identifica os elementos, técnicas e procedementos empregados en producións gráfico-plástica e é capaz de establecer relacións entre eles.	PE	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Seleccionar creativamente os recursos pictóricos adecuados en función da situación expresiva ou da intencionalidade do desempeño solicitado.	Selecciona os recursos adecuados para a técnica proposta.	TI	90
CA3.3 - Expresar ideas, opinións e sentimentos mediante a creación de producións gráfico-plásticas individuais e colaborativas de distintos tipos, ao redor de distintos motivos ou formulacións, aplicando con solvencia e dominio técnico os distintos procedementos de pintura.	Utiliza os procedementos técnicos con suficiente solvencia, en función da mensaxe proposta.		
CA3.4 - Realizar composicións gráfico-plásticas individuais ou colaborativas utilizando técnicas pictóricas, integrando o uso de materiais reciclados cando sexa posible e aplicando criterios de inclusión e sostibilidade.	Emprega, cando é posible, algún criterio de sostibilidade e inclusión.		
CA6.2 - Planificar o proceso completo de realización de obras gráfico-plásticas variadas, individuais ou colectivas, establecendo as fases de realización e argumentando a selección das técnicas, materiais, procedementos e linguaxes máis adecuadas en función das distintas intencións comunicativas ou creativas.	Planifica o proceso de traballo dunha obra propia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Soportes, utensilios, pigmentos, aglutinantes, disolventes e outras substancias asociadas ás diferentes técnicas gráfico plásticas. Interacción entre materiais. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Soportes e materiais sostibles. - Conservación das obras gráfico-plásticas. - Materiais, útiles e soportes. Características e terminoloxía específica. - Técnicas magras, graxas e emulsións miscibles en auga. Técnicas sólidas. Pinturas biodegradables. - Acuarela, témpera, acrílico, fresco, témpera ao ovo, encaustos, pasteis magros e graxos, óleos e óleos á auga. - Proceso de elaboración dunha obra gráfico-plástica. - Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráfico-plásticos. O erro como oportunidade de mellora e aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
9	Acuarela.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comparar os elementos, técnicas e procedementos empregados en distintas producións gráfico-plásticas identificando diferenzas e aspectos comúns e establecendo relacións entre eles.	Identifica os elementos, técnicas e procedementos empregados en producións gráfico-plástica e é capaz de establecer relacións entre eles.	PE	10
CA3.1 - Seleccionar creativamente os recursos pictóricos adecuados en función da situación expresiva ou da intencionalidade do desempeño solicitado.	Selecciona os recursos adecuados para a técnica proposta.	TI	90
CA3.3 - Expresar ideas, opinións e sentimentos mediante a creación de producións gráfico-plásticas individuais e colaborativas de distintos tipos, ao redor de distintos motivos ou formulacións, aplicando con solvencia e dominio técnico os distintos procedementos de pintura.	Utiliza os procedementos técnicos con suficiente solvencia, en función da mensaxe proposta.		
CA3.4 - Realizar composicións gráfico-plásticas individuais ou colaborativas utilizando técnicas pictóricas, integrando o uso de materiais reciclados cando sexa posible e aplicando criterios de inclusión e sostibilidade.	Emprega, cando é posible, algún criterio de sostibilidade e inclusión.		
CA6.2 - Planificar o proceso completo de realización de obras gráfico-plásticas variadas, individuais ou colectivas, establecendo as fases de realización e argumentando a selección das técnicas, materiais, procedementos e linguaxes máis adecuadas en función das distintas intencións comunicativas ou creativas.	Planifica o proceso de traballo dunha obra propia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Soportes, utensilios, pigmentos, aglutinantes, disolventes e outras substancias asociadas ás diferentes técnicas gráfico plásticas. Interacción entre materiais. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Soportes e materiais sostibles. - Conservación das obras gráfico-plásticas. - Materiais, útiles e soportes. Características e terminoloxía específica. - Técnicas magras, graxas e emulsións miscibles en auga. Técnicas sólidas. Pinturas biodegradables. - Acuarela, témpera, acrílico, fresco, témpera ao ovo, encaustos, pasteis magros e graxos, óleos e óleos á auga. - Proceso de elaboración dunha obra gráfico-plástica. - Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráfico-plásticos. O erro como oportunidade de mellora e aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
10	Rotuladores.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comparar os elementos, técnicas e procedementos empregados en distintas producións gráfico-plásticas identificando diferenzas e aspectos comúns e establecendo relacións entre eles.	Identifica os elementos, técnicas e procedementos empregados en producións gráfico-plástica e é capaz de establecer relacións entre eles.	PE	10
CA2.1 - Seleccionar creativamente os recursos de debuxo adecuados en función da situación expresiva ou da intencionalidade do desempeño solicitado.	Selecciona os recursos adecuados para a técnica proposta.	TI	90
CA2.2 - Utilizar de maneira creativa e autónoma as técnicas, materiais e procedementos de debuxo na resolución de distintas necesidades expresivas e comunicativas, incidindo no rigor na execución e na sostibilidade do produto final.	Aplica a técnica con suficiente autonomía, expresividade e rigor.		
CA2.3 - Expresar ideas, opinións e sentimentos mediante a creación de producións gráfico-plásticas individuais e colaborativas de distintos tipos ao redor de distintos motivos ou formulacións, aplicando con solvencia e dominio técnico os distintos procedementos de debuxo.	Utiliza os procedementos técnicos con suficiente solvencia, en función da mensaxe proposta.		
CA2.4 - Realizar composicións gráfico-plásticas individuais ou colaborativas con técnicas de debuxo integrando o uso de materiais reciclados cando sexa posible e aplicando criterios de inclusión e sostibilidade.	Emprega, cando é posible, algún criterio de sostibilidade e inclusión.		
CA6.2 - Planificar o proceso completo de realización de obras gráfico-plásticas variadas, individuais ou colectivas, establecendo as fases de realización e argumentando a selección das técnicas, materiais, procedementos e linguaxes máis adecuadas en función das distintas intencións comunicativas ou creativas.	Planifica o proceso de traballo dunha obra propia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Soportes, utensilios, pigmentos, aglutinantes, disolventes e outras substancias asociadas ás diferentes técnicas gráfico plásticas. Interacción entre materiais. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Soportes e materiais sostibles. - Conservación das obras gráfico-plásticas. - Materiais, útiles e soportes asociados ao debuxo. Características e terminoloxía específica. - Técnicas secas: lapis de grafito, carbón, lapis compostos, sanguinas, barras graxas, lapis de cor e rotuladores. - Proceso de elaboración dunha obra gráfico-plástica. - Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráfico-plásticos. O erro como oportunidade de mellora e aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
11	O gravado e a estampación.	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comparar os elementos, técnicas e procedementos empregados en distintas producións gráfico-plásticas identificando diferenzas e aspectos comúns e establecendo relacións entre eles.	Identifica os elementos, técnicas e procedementos empregados en producións gráfico-plástica e é capaz de establecer relacións entre eles.	PE	10
CA4.1 - Seleccionar creativamente os recursos de gravado e estampaxe adecuados en función da situación expresiva ou da intencionalidade do desempeño solicitado.	Selecciona os recursos adecuados para a técnica proposta.	TI	90
CA4.2 - Utilizar de maneira creativa e autónoma as técnicas, materiais e procedementos básicos de gravado e estampaxe na resolución de distintas necesidades expresivas e comunicativas, incidindo no rigor, na execución e na sostibilidade do produto final.	Aplica a técnica con suficiente autonomía, expresividade e rigor.		
CA4.3 - Expresar ideas, opinións e sentimentos mediante a creación de producións gráfico-plásticas individuais e colaborativas de distintos tipos, ao redor de distintos motivos ou formulacións, aplicando con solvencia e dominio técnico os procedementos de gravado e estampaxe básicos.	Utiliza os procedementos técnicos con suficiente solvencia, en función da mensaxe proposta.		
CA4.4 - Realizar obras individuais ou colaborativas, mediante procedementos de gravado e estampaxe, integrando o uso de materiais reciclados cando sexa posible e aplicando criterios de inclusión e sostibilidade.	Emprega, cando é posible, algún criterio de sostibilidade e inclusión.		
CA6.2 - Planificar o proceso completo de realización de obras gráfico-plásticas variadas, individuais ou colectivas, establecendo as fases de realización e argumentando a selección das técnicas, materiais, procedementos e linguaxes máis adecuadas en función das distintas intencións comunicativas ou creativas.	Planifica o proceso de traballo dun gravado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Soportes, utensilios, pigmentos, aglutinantes, disolventes e outras substancias asociadas ás diferentes técnicas gráfico plásticas. Interacción entre materiais. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Soportes e materiais sostibles. - Conservación das obras gráfico-plásticas. - Materiais, útiles, maquinaria e soportes. Terminoloxía específica. - Monoimpresión e reprodución múltiple. A obra gráfica.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Monotipia plana. - Estampaxe en relevo: xilografía, linóleo. - Estampaxe en oco: calcografía. Técnicas directas e indirectas. - Estampaxe plana, método planográfico: litografía; método permeográfico: serigrafía; método electrónico: copy art. - Proceso de elaboración dunha obra gráfico-plástica. - Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráfico-plásticos. O erro como oportunidade de mellora e aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
12	Técnicas mixtas e alternativas. A imaxe dixital	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comparar os elementos, técnicas e procedementos empregados en distintas producións gráfico-plásticas identificando diferenzas e aspectos comúns e establecendo relacións entre eles.	Identifica os elementos, técnicas e procedementos empregados en producións gráfico-plástica e é capaz de establecer relacións entre eles.	PE	10
CA1.4 - Contextualizar criticamente a perspectiva inclusiva, intercultural e de xénero nas producións gráfico-plásticas.	Aplica unha visión crítica ao estudo da arte.	TI	90
CA5.1 - Seleccionar creativamente os recursos gráfico-plásticos adecuados en función da situación expresiva ou da intencionalidade do desempeño solicitado.	Selecciona os recursos adecuados para a técnica proposta		
CA5.2 - Utilizar de maneira creativa e autónoma técnicas alternativas e mixtas e os seus correspondentes materiais e procedementos na resolución de distintas necesidades expresivas e comunicativas, incidindo no rigor na execución e na sostibilidade do produto final.	Aplica a técnica con suficiente autonomía, expresividade e rigor.		
CA5.3 - Expresar ideas, opinións e sentimentos mediante a creación de producións gráfico-plásticas individuais e colaborativas de distintos tipos, ao redor de diversos motivos ou formulacións, aplicando con solvencia e dominio técnico distintos procedementos e técnicas mixtas e alternativas.	Utiliza os procedementos técnicos con suficiente solvencia, en función da mensaxe proposta.		
CA5.4 - Interactuar coordinada e colaborativamente no desenvolvemento de producións gráfico-plásticas colectivas manifestando unha actitude respectuosa, creativa e conciliadora cando se produzan diferenzas de opinión entre os membros do grupo.	Traballa en equipo respectando aos demais membros do grupo		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Realizar composicións gráfico-plásticas individuais ou colaborativas, con técnicas mixtas e alternativas, integrando o uso de materiais reciclados cando sexa posible e aplicando criterios de inclusión e sostibilidade.	Emprega, cando é posible, algún criterio de sostibilidade e inclusión.		
CA6.2 - Planificar o proceso completo de realización de obras gráfico-plásticas variadas, individuais ou colectivas, establecendo as fases de realización e argumentando a selección das técnicas, materiais, procedementos e linguaxes máis adecuadas en función das distintas intencións comunicativas ou creativas.	Planifica o proceso de traballo dunha obra propia.		
CA6.4 - Identificar e valorar as oportunidades de desenvolvemento persoal e profesional que se derivan do coñecemento das técnicas de expresión gráfico-plástica.	Coñece as oportunidades de desenvolvemento persoal e profesional das técnicas de expresión gráfico-plástica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Soportes e materiais sostibles. - Conservación das obras gráfico-plásticas. - Perspectiva de xénero, perspectiva intercultural e perspectiva inclusiva nas producións gráfico-plásticas. - Estratexias de investigación, análise, interpretación e valoración crítica de produtos culturais e artísticos. - Outras técnicas, materiais e procedementos na expresión gráfico-plástica. - A imaxe dixital. Arte dixital. - Proceso de elaboración dunha obra gráfico-plástica. - Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráfico-plásticos. O erro como oportunidade de mellora e aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O profesorado de Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica desenvolverá o seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

No deseño das actividades, terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos apartados seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

- A experimentación con técnicas innovadoras, así como cos procedementos máis tradicionais, apoiándose tamén en ferramentas dixitais, atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, de maneira que se favoreza unha aprendizaxe significativa e a capacidade de aprender por si mesmos.
- A toma de conciencia da sostibilidade, seguridade e toxicidade dos materiais e técnicas utilizados, así como da

prevención no uso e xestión responsable dos residuos xerados polas diferentes producións gráfico-plásticas.

- O uso de situacións de aprendizaxe integradas, por medio de traballos interrelacionados, que reflectan a realidade do mundo laboral e profesional, a prol de lograr a implicación do alumnado na materia e de ofrecer unha formación completa e integral.

- O traballo transversal no desenvolvemento da creatividade, na comprensión lectora, na expresión oral e escrita, na comunicación audiovisual, na competencia dixital, no espírito científico e no emprendemento, atendendo á diversidade do alumnado.

- A atención individualizada do alumnado para previr dificultades de aprendizaxe e poñer en práctica mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

- O uso de distintos métodos de achegamento ás técnicas plásticas que estimulen e amplíen o campo sensible e o deleite estético das obras de arte.

- O desenvolvemento da creatividade mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado, enriquecedores e multidisciplinares, promovendo o traballo en equipo e a resolución creativa de problemas.

- O uso de estratexias que posibiliten a materialización das ideas, conceptos e sentimentos en obras artísticas, facendo énfase en reforzar a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- A énfase en mostrar o potencial transformador da arte na nosa sociedade, a través da reflexión sobre a creatividade, a práctica artística das obras propias e alleas, prestando atención á propiedade intelectual dos produtos creativos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador conectado a internet, proxector e altosfalantes.
Plataforma de ensino virtual, preferentemente, a aula virtual do centro.
Aula de informática do centro.
Dispositivos móbiles para visualizar obras na clase.
Libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc.
Páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.
Mobiliario axeitado para un taller de arte escolar: mesas cómodas, cabaletes, andeis para gardar traballos e materiais, espazos para expoñer obras e comentar, vertedoiro con auga, espazo ou moble de secado, etc.
Materiais artísticos: distintos soportes, sustancias pictóricas (aglutinantes e disolventes de distintos tipos), ferramentas e utensilios, distintas presentacións comerciais das técnicas que se estudan (caixas, botes, tubos, lapis de todo tipo...), etc.
Materiais e utensilios de gravado.
Tórculo.

A materia impartirase nunha aula taller con espazos diferenciados, na que se poden realizar traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc.

O alumnado aportará os seus propios materiais para a elaboración de traballos, pero na aula contarase con materiais e ferramentas de todo tipo, para realizar probas, apreciar as súas características e realizar demostracións e comparacións.

É importante que o alumnado poida acceder a algún tipo de dispositivo electrónico para visualizar contido en rede, sexa a través de dispositivos do centro, dos seus dispositivos móbiles ou do acceso á aula de informática do centro no tempo que estea dispoñible.

O estudo de imaxes e obras en formato impreso tamén é fundamental. Pode recorrerse ao uso de libros da biblioteca do centro e aos que formen parte da biblioteca de aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensino-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Contorna: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

3. TOMA DE DECISIÓNS:

Unha vez analizada a información recollida, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos, nalgún caso, coa colaboración do Departamento de Orientación:

- Respecto ao currículo.
- Respecto á forma de traballar na aula.
- Respecto a aspectos organizativos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	2	10	11	4	5	5	8	12	10	5
Proba escrita	20	10	100	0	10	8	20	10	10	10
Táboa de indicadores	80	90	0	100	90	92	80	90	90	90

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	13	100
Proba escrita	10	10	20
Táboa de indicadores	90	90	80

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia de Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica establecerase maiormente a través de entregas de traballos prácticos dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro mediante táboas de indicadores e comentarios orais, que suporán un 80% da nota. O 20% restante avaliarase mediante probas e comentarios escritos.

Segundo de que contidos se estea tratando, ditos traballos poden tratarse dos seguintes, dos que se indica a porcentaxe de peso na nota de cada avaliación:

- propostas creativas: debuxos, pinturas, ilustracións, estampas, obras de técnicas diversas...: 70%
- exercicios de práctica guiada; realización de esquemas; presentacións; 30%

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

Un exemplo de indicadores de logro que se poden aplicar na meirande parte das unidades didácticas sería o seguinte:

- Traballos: (todos eles fan media aritmética)
 - Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada. 40%
 - Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...). 40%
 - Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde. 10%
 - Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo correcto. 10%
- Prácticas:
 - Experimenta adecuadamente coas técnicas empregadas, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada. 50%
 - Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde. 15%
 - Obsérvase que leva a cabo un proceso de traballo organizado, ben distribuído no tempo. 15%
 - Reflexiona sobre os contidos teóricos, emprega vocabulario axeitado. 20%

CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final consistirá nunha media ponderada, na que o peso da avaliación final é o maior. Isto débese a que hai contidos que se tratan só nunha avaliación e outros que se tratan de contidos progresivos, que van acadándose en maior medida segundo avanza o curso.

Peso de cada avaliación na ponderación final:

- 1ª avaliación: 25%
- 2ª avaliación: 30%
- 3ª avaliación: 45%

Criterios de recuperación:

REPETICIÓN DE TRABALLOS:

O alumnado que acade unha nota de 5 ou superior na avaliación, despois de realizadas as medias e ponderacións citadas no apartado anterior, a pesar de ter algún traballo ou proba non superada, non deberá recuperar nada.

Se na 1ª e/ou 2ª avaliación dita nota non chega a 5, ten a opción de repetir traballos para recuperar. Indicarase a cada alumnado cales e en que data deberá entregalos. Nalgúns casos se recuperará a nota dun traballo por medio doutros posteriores que serven para avaliar o mesmo contido.

Os traballos da 3ª avaliación non se poden repetir para recuperar.

A nota dos traballos repetidos anulará a nota anterior, a efectos de cálculo da nova cualificación de avaliacións parciais para a nota final.

PROBA FINAL:

Se o resultado desta avaliación é inferior a 5, o alumnado deberá presentarse a unha proba final, que se cualificará segundo os seguintes instrumentos de avaliación, ponderación sobre a nota total e indicadores de logro:

- Proba escrita: 20%
 - Describe correctamente, empregando a terminoloxía axeitada, as técnicas de debuxo, pintura e gravado estudadas.

- Exprésase con claridade e corrección.
- Práctica: 80%
 - Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada.
 - Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...)
 - Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde.
 - Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:

O alumnado que non supere a materia en convocatoria ordinaria, poderá presentarse a unha proba de avaliación extraordinaria, coas características do descrito no punto anterior. Durante o tempo de preparación co que conta o alumnado entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, farase un percorrido polos contidos teóricos que se avaliarán na proba escrita e guíaráselle para poder levar a cabo a proba práctica.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:

supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que o alumnado non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
 - Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
 - É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.
 - Nas tarefas nas que sexa beneficioso, facilitaremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
 - O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
 - Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
 - Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial, directamente ou a través do profesorado titor. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas

familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos en pequenos grupos, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos complicados.
- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.
- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.		X		X	X	X		X
ET.3 - Comunicación audiovisual.								
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.								
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.11 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Espírito emprendedor e iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.				X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.				X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.10 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X	X	X	X
ET.11 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X
ET.12 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X
ET.13 - Espírito emprendedor e iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.				X

Observacións:

Fomentaremos as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar os elementos transversais citados. Polo feito de tratarse unha materia cunha carga social importantísima, no que a relación dos proxectos artísticos co contexto forma parte da súa propia natureza, a integración dos contidos transversais resultará natural na meirande parte das unidades didácticas.

Na selección dos materiais artísticos e culturais que se usarán como referencias e exemplificacións ao longo do curso, farase fincapé na perspectiva de xénero, para facer visibles os traballos e obras artísticas de mulleres e de culturas cunha presenza minoritaria no mundo da arte (mercado, institucións, mundo académico, etc.).

Como aspecto clave da súa formación, será importante que o alumnado conviva coas críticas construtivas, tanto do profesorado, como dos receptores das súas producións artísticas, ou dos seus colaboradores nos equipos de traballo, de xeito que non prexudique ao seu benestar emocional e contribúa a formar un xuízo crítico propio e unha personalidade resiliente.

Trataremos de concienciar ao alumnado da importancia da calidade e corrección na comunicación oral e escrita, á hora de compartir as súas obras co público para o que vai destinado e, dada a natureza predominantemente visual da materia, tamén da comunicación audiovisual e dixital.

Na elaboración de proxectos artísticos colaborativos e mesmo en moitos proxectos individuais, resulta clave a relación entre as persoas que forman parte dos equipos ou entran a aportar o seu traballo nalgunha parte do proceso artístico. Por este motivo, promoverase entre o alumnado o respecto polo pluralismo, a xustiza, os valores democráticos e a aprendizaxe de estratexias que axuden a previr e resolver os conflitos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
- Visitas a espazos expositivos da contorna.	Visitas guiadas a exposicións en museos, salas de exposicións, etc., preferiblemente con actividades que completen a visita.			
- Visitas virtuais a espazos expositivos.	Visitas guiadas a espazos expositivos, a través de internet, para presentar exposicións temporais ou coleccións permanentes. Estas visitas virtuais son unha boa porta de entrada a coñecer os espazos museísticos menos accesibles ao alumnado.			
- Charlas informativas relacionadas cos distintos intereses do alumnado.	Pode tratarse de profesionais en activo, antigo alumnado do centro que empeza a súa carreira laboral, estudantes...			
- Participación en distintos premios e concursos vinculados á nosa área.	Pode tratarse de certames tanto de dentro como de fóra do centro.			
- Participación en proxectos interdisciplinarios, en colaboración con distintos departamentos.	As actividades do noso departamento responderán tanto a propostas propias, como ás do Departamento de Actividades Extraescolares, que as coordina, como ao Equipo de Biblioteca e o de Dinamización da Lingua Galega. Podemos participar en proxectos creativos como a revista escolar, realización de murais, ilustracións de textos, exposicións de traballos...			

Observacións:

As actividades planificaranse a principio de curso na medida do posible, tendo en conta que na nosa área estamos suxeitos á programación de institucións e empresas, que non ten por que coincidir coa do curso académico.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto.
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.
(M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / Por parellas / En grupos reducidos / En grupos grandes.
(M) Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: Pechados, dirixidos... / Abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / Facilitan o traballo cooperativo. / Impulsan a comunicación: buscar información, interpretar, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
(M) Na metodoloxía que aplico: Emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / Baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.

(M) Como paso as horas lectivas: Intentando conseguir silencio / Impartindo teoría e explicacións / Respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / Observando / Corrixindo ao alumnado de xeito individual.
(M) Motivo ao meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
(AD) Que fago para coñecer a composición da clase?: Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / Ler os informes anteriores / Ver os resultados da avaliación / Facilitáma o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / Facilitánma nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...)
(AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.
(AD) Dou a cada alumno/a a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
(AD) Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame.
(AD) Teño en conta ao alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
(A) Utilizo diferentes tipos de probas: Exames escritos / Exames orais / Traballo individual / Traballo en equipo.
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: Non / De xeito individual / En grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / Co alumnado.
(A) Que teño en conta para medir os resultados?: A nota final / O avance, tendo en conta a situación de partida.
(A) Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado, e en cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación. Durante o curso farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso faranse constar en reunións de departamento.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

9. Outros apartados